



## Regulamento da Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña

Aprobado polo Consello de Goberno do 25/02/2016

A Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña (UDCC) é unha unidade destinada a difundir e comunicar á sociedade a ciencia e a innovación xeradas na Universidade, así como as liñas de traballo e resultados dos seus grupos de investigación e investigadores/as individuais.

Desde a súa creación en 2009, o seu obxectivo principal é promover a cultura científica e fomentar o interese do público pola ciencia e a innovación, e cumprir o compromiso social da Universidade como unha institución xeradora e transmisora de coñecemento e como impulsora do progreso social e do desenvolvemento sostible do seu contorno.


Debido á expansión e desenvolvemento experimentado pola Unidade durante os últimos anos e o interese na súa potenciación, faise necesario adecuar a súa estrutura organizativa á nova realidade mantendo as súas finalidades. Para poder asumir estes obxectivos, a Universidade velará para que a Unidade de Divulgación Científica e Cultural dispoña do instrumental idóneo e de persoal cualificado. O seu funcionamento axustarase ao que dispoña este regulamento, a todos os preceptos que emanen da lexislación vixente e aos acordos do Consello de Goberno da Universidade da Coruña que lle sexan de aplicación.

## Título I: natureza, obxectivos e finalidades

### Artigo 1:

Son finalidades da UDCC:

1. Promocionar a ciencia e a innovación no contorno da comunidade educativa, no ámbito empresarial e cara ao público en xeral.
2. Participar na programación dos cursos de verán da UDC.
3. Colaborar na difusión das iniciativas, logros e proxectos do profesorado, persoal investigador, PAS e estudantes da UDC.
4. Colaborar na interpretación de datos científicos con fins informativos, orientada a empresas, profesionais ou medios de comunicación.
5. Elaborar, en colaboración co Servizo de Publicacións, materiais didácticos e divulgativos.
6. Elaborar un banco de imaxes sobre ciencia, baseado na investigación propia da UDC.
7. A elaboración, propia ou en colaboración, de materiais audiovisuais, tanto de tipo educativo como destinados á divulgación ou ao lecer, con especial énfase naqueles que fagan uso das novas tecnoloxías.
8. A intermediación e interpretación no contacto e a comunicación con científicos de prestixio ou para o contacto con grupos de investigación.
9. A elaboración, propia ou en colaboración, de informes sobre avances científicos de relevancia, premios de investigación etc.
10. Participar en todo tipo de eventos divulgativos da ciencia e a innovación.
11. Organizar cursos de divulgación e cultura científica e, en xeral, outros que se atopen dentro do ámbito de actuación da Unidade.
12. Fornecer de propostas informativas o Gabinete de Comunicación.
13. Incrementar o nivel de alfabetización científica da sociedade.





## Título II: estrutura e xestión

### Artigo 2:

A estrutura orgánica da UDCC é a seguinte:

- Persoa coordinadora da unidade
- Consello Asesor
- Comisión de Usuarios

### Artigo 3:

A UDCC, adscrita á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, terá á fronte unha persoa responsable da súa coordinación, designada polo reitor, coas funcións de dirección, programación e execución dos programas aprobados polo Consello Asesor.

O Consello Asesor estará constituído polos vicerreitores ou vicerreitoras de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria e de Política Científica, Investigación e Transferencia, os directores ou directoras dos centros tecnolóxicos da UDC, ou ben persoas en que deleguen.

### Artigo 4:

O/a coordinador/a da UDCC será nomeado/a polo reitor por un período de catro anos, renovable por unha soa vez, por proposta da vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria. Caso de se tratar de persoal PDI a tempo completo, gozará da redución de carga docente aplicable aos secretarios de departamento.

O seu cesamento producirase por petición propia, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor, por proposta da vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

Son funcións do/a coordinador/a:


- a) A dirección e representación da unidade
- b) A dirección funcional do persoal ao seu servizo, caso de existir.
- c) A elaboración do anteproxecto de orzamento
- d) A elaboración e execución de plans de actuación da unidade
- e) A participación na Comisión de Usuarios
- f) Fomentar o intercambio e a colaboración con outros organismos de investigación públicos ou privados, con especial énfase nos que actúen na área de influencia da UDC.
- g) Velar polo cumprimento deste regulamento e da normativa de réxime interno que resultar de aplicación
- h) As demais que lle encomendaren as leis e regulamentos vixentes.

### Artigo 5:

A participación activa dos usuarios da UDC no seguimento das actividades da UDCC, imprescindible para garantir o adecuado desenvolvemento destas, realizarase a través da Comisión de Usuarios.

A dita comisión estará constituída polo vicerreitor ou vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, que a presidirá, o/a coordinador/a da UDCC, que actuará como vicepresidente/a e, como mínimo, tres representante dos usuarios. Ademais do presidente e vicepresidente, elixirase un secretario de entre os restantes membros da Comisión.

Os representantes dos usuarios serán elixidos polo Consello Asesor, por un período máximo de catro anos, de que se informará ao Consello de Goberno. Ademais, garantirase a representatividade das distintas ramas de coñecemento usuarias da unidade e dos distintos campus da UDC.





Son competencias da Comisión de Usuarios:

- a) Informar e propor novas liñas de traballo
- b) Propor plans de melloras nas prestacións da UDCC
- c) Estudar melloras no funcionamento, equipamento e dotación da UDCC
- d) Propor peticións de infraestruturas
- e) Propor adecuacións ou modificacións da normativa de funcionamento do DCC.

A Comisión de Usuarios reunirse polo menos dúas veces ao ano, por convocatoria do/a coordinador/a da Unidade ou por petición de, como mínimo, a terceira parte dos seus membros.

**Artigo 6:**

No seu avance cara a unha cultura de calidade e co fin de prestar un servizo, adaptado ao máximo ás necesidades dos usuarios, a UDCC habilitará un sistema de recollida de información sobre o seu grao de satisfacción.

Igualmente, a UDCC porá a disposición dos usuarios a través da súa páxina web un sistema de recollida de queixas, reclamacións, parabéns e suxestións.

## Título III: do réxime económico

**Artigo 7:**

A dotación económica da UDCC estará consignada nunha partida dentro do orzamento da Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria.

**Artigo 8:**

A UDCC poderá beneficiarse de accións de doazón, mecenado e patrocinio derivadas de convenios, e acordos subscritos pola Universidade da Coruña, sempre que se xeren dereitos económicos por ingresos non previstos no orzamento.

## Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte de ser aprobado polo Consello de Goberno da UDC.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 3 páxina/s numerada/s e selada/s, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data 25 de febreiro de 2016

O secretario xeral

Asdo.: *Carlos Aymerich Cano*